

FUNCIÓNS DAS REPRESENTANTES DE IGUALDADE DOS CENTROS

A figura de representante nos centros da Oficina para a Igualdade de Xénero (OIX) xorde para dar resposta a unha medida do II Plan de igualdade da UDC co obxectivo de desenvolver propostas para orientar a actividade das facultades ou centros da Universidade da Coruña en materia de igualdade. Para isto, as persoas que ocupen esta figura colaborarán coa Oficina para a Igualdade de Xénero na potenciación de accións específicas relacionadas co principio de igualdade, que se leven a cabo para a comunidade universitaria da UDC.

A persoa representante será nomeada pola Dirección da OIX e o seu nomeamento será notificado ao decanato do centro e á Vicerreitoría de Igualdade, Cultura e Deporte. A representación será de catro anos renovables.

A función fundamental da representante de Igualdade no centro será facer de canle de comunicación entre a OIX e o centro e viceversa. Para o desenvolvemento desta función fundamental deberá:

1. Difundir entre o profesorado, persoal de administración e alumnado –así como na sociedade en xeral– as políticas de igualdade promovidas pola OIX.
2. Recoller iniciativas do profesorado, o persoal de administración e o alumnado para realizar actividades que promovan a igualdade dentro das facultades, centros ou na UDC no seu conxunto e que lle serán propostas á OIX. Aquelas actividades que se fagan no nome da OIX requirirán en todos os casos a aprobación previa por parte desta.
3. Colaborar coa Oficina na difusión das actividades de formación en igualdade de xénero a toda a comunidade universitaria, dende os equipos de goberno e cargos de dirección ata o alumnado, pasando polo PDI e o PAS.
4. Informar a OIX das situacións de discriminación, desigualdade entre homes e mulleres ou agresións machistas das que se teña coñecemento e que afecten a algunha persoa da comunidade universitaria (PDI, PAS ou estudantado) para que a Oficina para a Igualdade de Xénero tome as medidas pertinentes dentro da normativa vixente.
5. Propoñer ás facultades ou centros da UDC bibliografía recomendada segundo as titulacións impartidas para incorporar nas guías docentes a presenza de autoras e de recursos bibliográficos sobre xénero e igualdade.
6. Propoñer para a valoración por parte da OIX da UDC cursos sobre perspectiva de xénero para alumnado de todas as titulacións da facultade ou centro da UDC.

Esta figura non exclúe a existencia de comisións de igualdade nos centros, entendéndose que a representante de Igualdade debería formar parte das ditas comisións no suposto de existiren. No caso de que o centro/facultade o considere oportuno, poderá nomear unha comisión de igualdade que dependerá do propio centro. As actividades que se realicen por iniciativa dela estarán integradas nos orzamentos do centro ou facultade.